européas), abadexo (10% menos nas zonas 8c, 9, 10 e augas comunitarias e un 20% menos nas zonas 8a, b, d, e), e de novo pesa a prohibición sobre a pesca da cigala en Galiza, a pesar da existencia de informes que constatan a melloría da poboación.

Aos datos propostos polo comisario de Pesca, hai que engadir a incerteza que neste momento existe respecto das previsións do ICES noutras especies como a robaliza, que suporían un recorte dun 20% no noroeste español, un 12% para o xurel oeste, de Fisterra ao norte incluíndo o Golfo de Bizcaia, un 19% en augas españolas e comunitarias para o lirio ou un 7% de gran parte da xarda da frota de litoral. E aínda, a maiores, habería que agardar polos datos que depare o acordo co Reino Unido e con Noruega.

As previsións insistirían nas reducións xa levadas a cabo no 2021, como as do 5% na pescada do Cantábrico e o 20% no linguado do Cantábrico e unicamente agárdanse incrementos de arredor dun 13% no rapante e no rape que viñan de descender un 11 e un 13% respectivamente no 2021.

De prosperaren os datos avanzados polo Comisario europeo de Pesca, os resultados do Consello de ministros de decembro preséntanse verdadeiramente preocupantes para a nosa frota, máis aínda dos que xa o foran os de 2021, cualificados pola propia conselleira do Mar como de “cativos”, e poderían abocar a gran parte dela a seguir a liña sobre a que recentemente alertaba o secretario xeral de CEPESCA e que non é outra que o incremento de peticións de despece de barcos que compromete seriamente o futuro do sector e, no caso galego, tamén da economía do país.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que valoración fai o Goberno galego sobre a recente proposta do comisario europeo de Pesca respecto das cotas pesqueiras para 2022?

. Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o impacto económico que podería ter tal proposta sobre a frota galega e sobre o conxunto da economía do noso país?

. Que accións vai levar a cabo para que esa proposta non se efective e para defender as variábeis económicas e sociais que contempla a PPC para a recomendación de capturas?

. Que accións levou a cabo a Xunta de Galiza para dar cumprimento ao acordo unánime do Parlamento de Galiza do pasado 10 de febreiro?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 05/11/2021 12:04:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 05/11/2021 12:04:10

Daniel Castro García na data 05/11/2021 12:04:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Rosana Pérez Fernández e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a elaboración do censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza para dar cumprimento ás medidas de salvagarda do patrimonio cultural inmaterial reguladas no Decreto 52/2019.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 27 de maio de 2019 publícase no DOG o Decreto 52/2019, do 9 de maio, polo que se declaran ben de interese cultural as técnicas construtivas da carpintaría de ribeira.

O seu artigo 1 determina que este Decreto ten por finalidade declarar ben de interese cultural do patrimonio cultural inmaterial de Galicia as técnicas construtivas da carpintaría de ribeira, para recoñecer o seu valor cultural sobranceiro na conformación da identidade do pobo galego e colaborar á concreción de medidas para a súa salvagarda, segundo o descrito no anexo I deste Decreto.

Na actualidade, as embarcacións tradicionais son conservadas nos portos galegos, como patrimonio cultural colectivo de alto valor social e reflexo dunha das caras da cultura do país, grazas ao esforzo dos seus propietarios e ás técnicas dos carpinteiros de ribeira que, cada vez en menor medida ao non se garantir a continuidade da profesión, manteñen a súa actividade viva en Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deste xeito os portos galegos ofrecen mariñas tradicionais vivas que salvagardan o patrimonio ao tempo que aseguran o mantemento da transmisión do seu legado como un reforzo da identidade local co obxectivo de garantir a súa pervivencia e continuidade.

A cultura de protección, mantemento e difusión das embarcacións tradicionais, dos barcos históricos e a cultura marítima e fluvial, así como a súa incardinación no tempo presente como un valor sociocultural propio, está a ser desenvolvida desde hai máis de vinte anos pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar).

O Decreto 52/2019 establece, entre as medidas específicas de salvagarda da carpintería de ribeira, a elaboración dun Censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza.

Neste sentido, o Decreto regula que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural xestionará un censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galicia, de rexistro voluntario, no cal as embarcacións serán anotadas, despois do informe do órgano de xestión ou os informes técnicos que correspondan, que avaliará a antigüidade, autoría ou correspondencia cos modelos tipolóxicos.

Este censo, entendido como unha sección do Censo do Patrimonio Cultural, é responsabilidade da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

As embarcacións que fagan parte deste censo de embarcacións tradicionais serán obxecto das exencións e bonificacións previstas na lexislación vixente en materia de navegación marítima e portos dependentes da comunidade autónoma.

Na actualidade, superados os dous anos e medio da publicación deste Decreto no DOG, o mencionado censo aínda non se realizou por parte da Dirección Xeral de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Patrimonio Cultural, o que está a prexudicar os propietarios das embarcacións tradicionais, así como á propia Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, gravándoos economicamente Portos de Galicia e contravindo o disposto na normativa a respecto das exencións e bonificacións que corresponden a este tipo de embarcacións tradicionais unha vez censadas.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

- Por que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural aínda non iniciou a elaboración do censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza tal e como regula o Decreto 52/2019?

- Como valora o goberno que a inexistencia deste censo impida os propietarios de embarcacións tradicionais gozar das exencións e bonificacións previstas no Decreto 52/2019?

- É consciente o goberno do grave prexuízo económico que se está a provocar desde Portos de Galiza aos propietarios de embarcacións tradicionais e á propia Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar)?

- Mantén comunicación a Consellería de Cultura, Educación e Universidade coas persoas afectadas pola demora da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de máis de dous anos e medio en elaborar este censo?

- Mantén comunicación a Consellería de Cultura, Educación e Universidade coa Consellería do Mar para avaliar a actuación tan gravosa que está a exercer Portos de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que está a facer o goberno para elaborar o censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza tal e como regula o Decreto 52/2019?

- Que prazo compromete a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para dispor deste catálogo?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Rosana Pérez Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 05/11/2021 12:24:10

Rosana Pérez Fernández na data 05/11/2021 12:24:14

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/11/2021 12:24:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a normativa para regular o cohousing anunciada pola Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No marco do debate orzamentario a Xunta de Galiza anunciou o impulso da primeira normativa galega para regular o cohousing, isto é, unha outra forma de convivencia baseada na vivenda partillada e colaborativa que leva anos desenvolvéndose en Europa e do que xa contamos con algunhas experiencias en Galiza.

Para o Bloque Nacionalista Galego é unha boa nova que se procure un marco xurídico propio e específico nesta materia aínda que sorprende que a Xunta de Galiza aínda teña pendente desenvolver lexislación en materia de dependencia e discapacidade que actualice a vixente ou, directamente, cubra baleiros legais ou escasamente regulados.

Sirva de exemplo que a normativa que regula as residencias de maiores e vivendas tuteladas no noso país é de 1996 e constitúe unha Orde, nin sequera un Decreto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. En que consiste esa normativa para regular o cohousing anunciada pola Xunta?

. Terá rango de lei?

. Que procedemento seguirá para a súa elaboración? En que prazo de tempo? Con que obxectivos?

. Cre a Xunta de Galiza que a lexislación galega en materia de dependencia é suficiente e está adecuada ás necesidades actuais da poboación galega?

. Por que a Xunta de Galiza considera regulable de maneira específica o cohousing mais non as residencias de maiores nas que viven máis de vinte mil persoas a día de hoxe en Galiza?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 05/11/2021 12:33:32

María Montserrat Prado Cores na data 05/11/2021 12:33:41

Iria Carreira Pazos na data 05/11/2021 12:33:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza se persoe como parte interesada e recorra a decisión do *Instituto Geográfico Nacional* a respecto da oficialización do topónimo *Ría del Eo*.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado día 13 de abril facíase pública a nova de que o goberno do Estado comezaba a tramitar a solicitude do Principáu d'Asturies para que se oficializase o nome "Ría del Eo", algo que vai contra a oficialidade do topónimo "Ría de Ribadeo" que é o nome historicamente empregado por habitantes galegos, asturianos e de calquera outra latitude e de igual xeito rexistrado en todo tipo de documentos históricos.

Ante esta nova, tanto o Concello de Ribadeo, como a Deputación Provincial de Lugo, como a propia Xunta de Galiza comezaron un traballo de alegacións na que se forneceron contundentes informes técnicos e académicos que dun xeito puramente científico argumentaban que o único topónimo oficial posible era e é o de "Ría de Ribadeo".

Pese a isto, e desoíndo a opinión de institucións como a *Real Sociedad Geográfica*, nos últimos días o *Instituto Geográfico Nacional* facía pública unha resolución na que pasaba a aceptarse como topónimo oficial o de "Ría del Eo" ao mesmo nivel que "Ría de Ribadeo", mostrando dun xeito evidente que non se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

analizaron as alegacións feitas por diversas administracións galegas, xa que nas mesmas vertíase unha argumentación absolutamente irrefutable que non deixaba oco á oficialización dese novo topónimo.

Ante esta nova situación, o propio Concello de Ribadeo, a Deputación Provincial de Lugo ou a Plataforma Pola Defensa da Ría de Ribadeo decidiron persoarse como partes interesadas para recorrer esta decisión. Por esta razón, e ante o novo contexto no que nos atopamos, faise de vital importancia que a Xunta de Galiza non se limite a mandar informes e ditames elaborados por departamentos que a integran, senón que debe liderar este proceso, indo da man e colaborando co resto de administracións e plataformas para facer valer o criterio científico e para que decisións de moita relevancia como a que o IGN tomou, se leven a cabo en base a argumentos técnicos e académicos e non por intereses políticos e estratéxicos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Cal é a posición da Xunta de Galiza a respecto da decisión tomada polo IGN que oficializa o topónimo “Ría del Eo”?

. Vai a Xunta de Galiza persoarse como parte interesada no proceso de recurso da decisión do IGN, liderando o mesmo e colaborando co resto de administracións e plataformas?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 08/11/2021 09:34:21

Mercedes Queixas Zas na data 08/11/2021 09:34:25

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/11/2021 09:34:37



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

En outubro deste ano, a Xunta de Galicia publicou, no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, o proxecto de decreto polo que se establece o procedemento para a acreditación de centros sanitarios e se crea e regula a Comisión de Acreditación de Centros Sanitarios.

O texto mellora a normativa autonómica neste eido, xa que a Xunta de Galicia ten regulada na actualidade, a acreditación dos centros hospitalarios, pero os cambios organizativos e os avances existentes na consideración e cuantificación da calidade das prestacións sanitarias, fan necesaria a aprobación dunha nova norma regulamentaria. Así, a través deste novo texto, actualízase a acreditación dos centros sanitarios públicos e privados.

O obxectivo declarado desta nova norma é o incremento da calidade da asistencia sanitaria prestada polos centros sanitarios, tanto no ámbito público como no privado, estimulando a excelencia na prestación destes servizos e configurando a acreditación como un instrumento eficaz para promover a mellora continua da calidade nunha organización sanitaria.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que vantaxes vai a supoñer para as persoas usuarias de centros sanitarios en Galicia a aprobación do novo decreto regulador do procedemento de acreditación dos mesmos?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/11/2021 12:41:29

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 08/11/2021 12:41:47

María Corina Porro Martínez na data 08/11/2021 12:41:58

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/11/2021 12:42:11

José Alberto Pazos Couñago na data 08/11/2021 12:42:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Noelia Pérez López na data 08/11/2021 12:42:41

López Sánchez, Rosalía na data 08/11/2021 12:43:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

En abril deste ano, a Xunta de Galicia aprobou o documento de Plan de Asistencia á Anafilaxia en Galicia: Código Anafilaxia, tras un exhaustivo proceso de elaboración por parte de profesionais do SERGAS e da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061.

Este documento segue a liña doutros semellantes elaborados nos últimos anos para a atención de patoloxías tempodependentes como o ictus ou a sepsis.

Coma neles, deséñase o procedemento de actuación sanitaria baseado no recoñecemento precoz dos signos e síntomas dunha reacción anafiláctica, coa consecuente priorización de coidados e traslado inmediato a un servizo de urgencias hospitalario co fin de mellorar a supervivencia e reducir as complicacións. O obxectivo é minimizar o tempo transcorrido desde o inicio dos síntomas ata a asistencia clínica e instauración do tratamento indicado.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que vantaxes para o paciente supón a posta en marcha do Plan de Asistencia á Anafilaxia en Galicia: Código Anafilaxia?
- 2.- Que actuacións ten desenvolvido a Xunta de Galicia para a súa implantación?
- 3.- Cales son as próximas accións previstas para o seu desenvolvemento?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/11/2021 12:45:45

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 08/11/2021 12:46:08

María Corina Porro Martínez na data 08/11/2021 12:46:19

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/11/2021 12:46:31

José Alberto Pazos Couñago na data 08/11/2021 12:46:43

Noelia Pérez López na data 08/11/2021 12:46:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



López Sánchez, Rosalía na data 08/11/2021 12:47:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O 25 de xuño de 2020, o Consello da Xunta aprobou o Plan de Saúde Mental de Galicia, que establece para o período 2020-2024 98 proxectos dirixidos á prevención da aparición de problemas de saúde mental na poboación galega e a establecer melloras na asistencia sociosanitaria ás persoas que padecen un trastorno mental.

Este Plan foi explicado ante este Parlamento polo Director Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, Jorge Aboal, o pasado 17 de decembro. A través desa información coñecemento que a posta en marcha desta estratexia implica que o goberno galego destinará no período 2020-2024 un orzamento de 83 millóns de euros a: incrementar o número de profesionais e dispositivos asistenciais no Servizo Galego de Saúde para a atención sanitaria aos trastornos mentais (con especial énfase nos destinados as atención á infancia e aos nosos maiores), desenvolver programas destinados á recuperación das persoas con trastorno mental severo (programas de intervención comunitaria e ampliación do número de prazas en recursos sociosanitarios específicos) e fomentar a investigación nestas patoloxías.

Este plan prevé tamén a contratación de 240 novos profesionais ao longo de toda a súa vixencia. En concreto, para os anos 2020 e 2021 estaba prevista a contratación de 120 novos profesionais. O seu proceso de incorporación ralentizouse en 2020 por mor da pandemia pero a Xunta comprometeuse a recuperar o nivel neste ano 2021.

Logo do compromiso do Conselleiro ante o Parlamento, o Pleno do Parlamento de Galicia aprobou o 23 de marzo de 2021 por unanimidade unha moción na que se instaba á Xunta a “Desenvolver un plan de contratación de persoal sanitario en saúde mental de profesionais de psiquiatría, psicoloxía clínica, traballadores/as sociais, enfermeiros/as especialistas en saúde mental, técnicos auxiliares e terapeutas ocupacionais que implique a creación de 120 novas prazas antes da fin de 2021 e que



se estenda para equiparar o volume de profesionais de saúde mental no Sergas á media estatal en todas as categorías de maneira efectiva ao inicio de 2024”.

O proxecto de Orzamentos Xerais que ten presentado a Xunta ante este Parlamento continúa coa programación prevista, incorporando 43 novas prazas en materia de saúde mental para o exercicio 2022.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que novos programas puxo en marcha a Xunta de Galicia en 2021 en desenvolvemento do Plan de Saúde Mental de Galicia?
- 2.- Que actuacións ten previsto desenvolver en 2022 para continuar coa execución do Plan?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/11/2021 12:50:04

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 08/11/2021 12:50:25

María Corina Porro Martínez na data 08/11/2021 12:50:37

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/11/2021 12:50:49

José Alberto Pazos Couñago na data 08/11/2021 12:51:02

Noelia Pérez López na data 08/11/2021 12:51:17

López Sánchez, Rosalía na data 08/11/2021 12:51:34

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No decreto 142/15 creouse a Axencia galega de doazón de sangue, órganos e tecidos, que ten como fins xerais e obxectivos básicos actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas coa doazón e o abastecemento de sangue e os seus derivados, a coordinación de transplantes de órganos e tecidos, e o procesamento e almacenaxe de células, tecidos e mostras biolóxicas humanas con fins diagnósticos, terapéuticos e de investigación.

Desde a súa creación a Axencia, xunto a xenerosidade dos galegos, consolidou a Galicia como terceira comunidade en doazóns no pasado ano, a pesar de tratarse un ano moi marcado pola pandemia.

Neste 2021, a Axencia incrementou a súa dotación con novas unidades móbiles que permitirán mellorar o traballo dos profesionais da Axencia, e ofrecer aos doantes as mellores condicións de confortabilidade.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a previsión da Axencia galega de doazón de sangue, órganos e tecidos para ampliar ou mellorar os seus recursos, ben sexan os locais de doazón ou as súas unidades móbiles?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/11/2021 13:03:47

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 08/11/2021 13:04:04

María Corina Porro Martínez na data 08/11/2021 13:04:16

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/11/2021 13:04:28

José Alberto Pazos Couñago na data 08/11/2021 13:04:44

Noelia Pérez López na data 08/11/2021 13:04:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



López Sánchez, Rosalía na data 08/11/2021 13:05:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

No ano 2015 creouse a Axencia Galega de Doazón de Sangue, Órganos e Tecidos, asumindo tanto os medios persoais e materiais, como as funcións da Fundación Pública Sanitaria Centro de Transfusión de Galicia, da Oficina de Coordinación de Transplantes de Galicia, adscribíndose á Axencia a Unidade de Criobioloxía-Establecemento de Tecidos do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

A Axencia ten desenvolvido ao longo dos últimos anos diversos proxectos colaborativos, así como implantado diversas melloras internas. Un dos proxectos mais salientables é o Blood, cuxo obxectivo é o deseño, desenvolvemento e implantación, dun sistema que garanta a xestión segura e de calidade dos compoñentes sanguíneos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a aplicación do proxecto Blood na Axencia Galega de Doazón de Sangue, Órganos e Tecidos?.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/11/2021 13:08:03

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 08/11/2021 13:08:21

María Corina Porro Martínez na data 08/11/2021 13:08:34

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/11/2021 13:08:46

José Alberto Pazos Couñago na data 08/11/2021 13:09:00

Noelia Pérez López na data 08/11/2021 13:09:12

López Sánchez, Rosalía na data 08/11/2021 13:09:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O pasado 25 de novembro de 2020 houbo un acordo unánime no Parlamento de Galicia solicitando á Xunta “convocar de inmediato a mesa de negociación para acadar un convenio colectivo das Fundacións Biomédicas de investigación sanitaria de Galicia” e “designar representante para esta negociación que teña capacidade de decisión e forme parte da Consellería de Sanidade”.

Ambas condicións xa se estaban cumprindo no momento da adopción do acordo, pois a mesa de negociación se estaba a reunir coa participación do xerente da Axencia de Coñecemento en Saúde de Galicia (ACIS).

Mais o impulso acadado tralo acordo parlamentario ao respecto deu o seu froito e en xuño de 2021 a dirección das fundacións e a representación sindical asinaron os correspondentes acordos de convenio colectivo na sede da Consellería de Sanidade.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cales serán os efectos que producirá o recente acordo na mellora das condicións de traballo do persoal das fundacións de investigación sanitaria?
- 2.- En que proxectos está a traballar actualmente a Xunta de Galicia con estas tres fundacións?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/11/2021 13:12:13

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 08/11/2021 13:12:30

María Corina Porro Martínez na data 08/11/2021 13:12:39

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/11/2021 13:12:51

José Alberto Pazos Couñago na data 08/11/2021 13:13:02

Noelia Pérez López na data 08/11/2021 13:13:16

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



López Sánchez, Rosalía na data 08/11/2021 13:13:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Nos últimos meses desde o Goberno galego tense manifestado a necesidade de ampliar a dotación de mais profesionais para poder abordar o deficit que existe na Atención Primaria e que é común a todos os sistemas de saúde do Estado.

Desde Galicia tense manifestado que unha das cuestións fundamentais para poder abordar este problema era flexibilizar o sistema de acreditación de novas prazas MIR, que posibilitaría a formación de mais profesionais que unha vez rematados os seus anos de residencia se poderían incorporar ao sistema

Despois da xuntanza do monográfica do Consejo Interterritorial sobre atención primaria, o Ministerio de Sanidad, ante esta solicitude, pediulle as comunidades autónomas que remitisen as propostas que considerasen para poder mellorar e flexibilizar este sistema.

Galicia remitiu 20 propostas e iniciou a tramitación dun decreto de ordenación do sistema de formación sanitaria especializada que ten como obxectivo aumentar o número de profesionais que poden colaborar coa formación, entre outras cuestións.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

En que se concretan as 20 medidas remitidas pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Sanidad para mellorar e flexibilizar o sistema de acreditación de prazas de formación sanitaria?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/11/2021 13:16:23

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 08/11/2021 13:16:39

María Corina Porro Martínez na data 08/11/2021 13:16:50

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/11/2021 13:17:03

José Alberto Pazos Couñago na data 08/11/2021 13:17:18

Noelia Pérez López na data 08/11/2021 13:17:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



López Sánchez, Rosalía na data 08/11/2021 13:17:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O DOG do 25 de xaneiro publicaba a orde pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

Estas axudas están destinadas á realización de actuacións por parte de propietarios de buques pesqueiros para fomentar unha pesca sustentable desde unha perspectiva ambiental, socialmente responsable, baseada no coñecemento e competitiva. Así as 5 liñas de subvención son:

1. Axudas que limiten o impacto da pesca no medio mariño e adaptación da pesca á protección das especies.
2. Axudas que melloren a hixiene, saúde, seguridade e condicións de traballo en buques pesqueiros.
3. Axudas en eficiencia enerxética e mitigación do cambio climático.
4. Axudas que aumenten o valor engadido, a calidade dos produtos e a utilización de capturas non desexadas.
5. Axudas en servizos de asesoramento para fomentar a pesca sustentable.

Con esta orde de axudas a Consellería do Mar quere destacar a importancia, a necesidade e a utilidade de mellorar as prestacións dos buques pesqueiros, así como o desenvolvemento dunha pesca sustentable para impulsar a remuda xeracional neste sector.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:



Cal foi o orzamento dedicado pola Consellería do Mar así como o número de proxectos financiados de mellora en buques pesqueiros para impulsar unha pesca sustentable en 2021?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 08/11/2021 13:20:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Manuel Balseiro Orol na data 08/11/2021 13:21:02

Freire Vázquez, María Begoña na data 08/11/2021 13:21:16

Ana Belén García Vidal na data 08/11/2021 13:21:26

Manuel Santos Costa na data 08/11/2021 13:21:38

María Elena Suárez Sarmiento na data 08/11/2021 13:22:09

Daniel Vega Pérez na data 08/11/2021 13:22:24



Á Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Ovidio Rodeiro Tato, María Elena Suárez Sarmiento, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias e Felisa Rodríguez Carrera ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en comisión 4ª Educación e Cultura.**

Exposición de motivos:

Un estudio da OCDE, Galicia é considerada entre as mellores comunidades para vivir tanto pola súa calidade de vida como pola súa multitude de servizos, sen esquecer a súa inigualable beleza e os seu patrimonio histórico e cultural.

Galicia disfruta de paraxes naturais increíbles, con case 2.000km de praias, moitas das cales están calificadas como as mellores do mundo, non menos fermoso é o turismo de interior.

A súa gran riqueza artística é incalculable, destacando a Torre de Hércules, a Muralla de Lugo e por suposto Santiago de Compostela como Patrimonio da Humanidade.

Está claro que Galicia conta con numerosas riquezas, que animan a vivir e que conta con uns servizos públicos absolutamente óptimos.

A comunidade autónoma de Galicia é a quinta rexión de España en canto a poboación con 2,7M persoas, pero tamén debemos ter en consideración a gran dispersión xeográfica xunto coa orografía fai que os custos dos servizos públicos sexan máis costosos que noutros lugares do territorio español.

O goberno galego fai unha gran inversión no rural, non só en recursos humanos como os sanitarios, educativos e sociais, senón tamén en transporte e comedor para alcanzar atoda a poboación galega viva onde viva por non falar da igran aposta feita pola Xunta de Galicia e pola Consellería de educación novas tecnoloxías e en infraestruturas dixitais.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Que valoración realiza o goberno galego dos programas educativos que están implantados nos colexios do rural e urbano??

Santiago de Compostela, 8 de novembro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 08/11/2021 17:34:44

Ovidio Rodeiro Tato na data 08/11/2021 17:35:06

María Elena Suárez Sarmiento na data 08/11/2021 17:35:20

Teresa Egerique Mosquera na data 08/11/2021 17:35:35

Gómez Salgado, Carlos na data 08/11/2021 17:35:48

Rodríguez Pérez, Moisés na data 08/11/2021 17:35:59

José Luis Ferro Iglesias na data 08/11/2021 17:36:19

María Felisa Rodríguez Carrera na data 08/11/2021 17:36:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o recorte de profesorado no ensino público no curso 21/22.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos presentados polo goberno galego para o curso 2021/22 contemplan unha redución no profesorado que pon nunha situación moi difícil o ensino público galego.

A pesar da propaganda do presidente da Xunta sobre o incremento no número de profesores, a realidade que reflicten estes orzamentos é que Galiza ten para o ano 2022 menos profesores dos que tiñamos hai unha década.

Contrasta esta situación de redución do profesorado no ensino público coa situación que se dá no ensino privado e concertado, que ano tras ano incrementan os seus cadros de persoal.

Mais se establecemos unha comparativa entre o número de profesores do ensino público deste ano, e os profesores contemplados no orzamento para o curso 20/21 atopámonos con 868 profesores menos. E todo isto, nun contexto no que, debido aos efectos da pandemia no alumnado, o reforzo de profesorado no ensino público e máis necesario ca nunca.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión
4ª :

Vai o Goberno Galego incrementar os cadros de persoal do ensino público galego en 1000 profesores para minimizar os efectos da pandemia da Covid-19 no sistema educativo?

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/11/2021 11:12:06

Mercedes Queixas Zas na data 09/11/2021 11:12:09

Daniel Castro García na data 09/11/2021 11:12:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a redución das partidas para a normalización da lingua galego non sistema educativo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a chegada do Partido Popular ao goberno da Xunta de Galiza as partidas adicadas ao fomento da lingua galego sufriron recortes sistemáticos.

Estas reducións no investimento en normalización lingüística e as políticas do Partido Popular favorecedoras do proceso de substitución lingüística están a motivar unha perda de falantes como nunca se deu na historia do noso idioma. Perda de falantes que está a ser advertida por institución como a Real Academia Galega que sinalou nun recente informe que o ensino en Galiza contribúe a perda de falantes de galego.

Se ollamos o orzamento publicado para o ano 2022, as partidas de fomento da lingua galega reducíronse un 22,64%; sendo as destinadas ás campañas de normalización as que reducen en maior medida o investimento.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai a Xunta de Galiza acordar cos diferentes axentes da comunidade educativa un Plan de fomento do galego no ensino dotado de financiamento necesario?

. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza no ensino para contribuír á normalización do galego ?

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/11/2021 11:29:12

Mercedes Queixas Zas na data 09/11/2021 11:29:19

Daniel Castro García na data 09/11/2021 11:29:26



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O fortalecemento da atención primaria fíxose, se cabe, máis necesaria na situación xerada pola pandemia da covid19. Non obstante, estamos a ver que o Goberno popular da Xunta de Galicia opta na provincia de Lugo polo peche de centros de saúde ou pola non cobertura de baixas dos profesionais sanitarios da atención primaria, así como pola redución do orzamento para a Atención Primaria nos Orzamentos da Xunta de Galicia para 2022 presentados nesta cámara.

Os Estatutos da RFGF no seu artigo 1.5 recollen que: A RFGF non admite ningún tipo de discriminación por ela ou polos seus membros, por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. No 1.6 recollen: A lingua galega, como lingua propia da Comunidade Autónoma de Galiza, tamén o é da RFGF, en réxime de cooficialidade coa lingua castelá. Os órganos da RFGF garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas. Ninguén poderá ser discriminado por razón da lingua.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dito isto, está claro que calquera federación deportiva está rexida pola lei e polos seus propios estatutos, moi lonxe de poder actuar con arbitrariedade, é máis, debe ser especialmente escrupulosa pola entidade que ten e polos valores que representa.

O feito de conculcar os dereitos lingüísticos na Galiza desgrazadamente pode verse nun contexto de falta de respecto á lingua propia e por isto e polos danos causados ás persoas podémolo considerar un feito gravísimo.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Que cualificación lles merece o feito relatado e en que contexto o enmarcan?

Como vai actuar o goberno galego para garantir os dereitos lingüísticos das e dos deportistas galegas na Galiza tal e como marcan as diversas normativas?

Que medidas concretas van tomar a respecto deste caso?

Que medidas van tomar para evitar a exclusión lingüística que provoca a RFGF no futuro?

Entenden que estas actuacións son acordes á carta europea de dereitos lingüísticos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como van facer vostedes que a RFGF cumpra coa Lei de normalización lingüística?

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2021

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 10/11/2021 17:34:19

Mercedes Queixas Zas na data 10/11/2021 17:34:35

Daniel Castro García na data 10/11/2021 17:34:44

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/11/2021 17:34:53



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP) referente en atención especializada para a Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Pontevedra e O Salnés, xestiona os servizos sanitarios de 26 concellos.

Os centros de referencia para estas áreas atópanse nos concellos de Pontevedra (CHOP, integrado polo Hospital de Montecelo e o hospital provincial) e Vilagarcía de Arousa (Hospital do Salnés).

Este área atende a máis de 300.000 persoas, que levan anos padecendo a necesidade de novas infraestruturas sanitarias así como que dende o Sergas se corrixan as carencias existentes nos centros hospitalarios existentes na actualidade.

Este verán, tras máis dunha década de atraso no Hospital de Montecelo, iniciáronse as tan esperadas obras de ampliación, pero aínda non se ten acadado ningún acordo en relación á xestión e funcionamento do aparcadoiro.

No ano 2016 asinou un convenio entre a Consellería de Sanidade, o Sergas e o Concello de Pontevedra, no que se habilita á Xunta de Galicia para a inclusión e xestión dun posible aparcadoiro.

No Plan funcional do Gran Montecelo aprobado pola Xunta de Galicia no ano 2017, se establece que o Plan funcional do aparcadoiro será dimensionado polo Sergas posteriormente.

No proxecto de execución establécese que na 2ª fase do mesmo, investiranse 25 millóns de euros, que se destinarán a reformas no actual edificio e á creación dun aparcadoiro cuberto que dea servizo a persoas usuarias, familiares e persoal do centro.



A día de hoxe existen numerosas dúbidas sobre varios aspectos do novo Montecelo, que son sistematicamente ninguneadas pola Xunta de Galicia sen ofrecer respostas concretas.

Unha destas é o aparcadoiro, anunciado de ata 1400 prazas. Mais aínda non foi concretado o sistema de xestión, sobre o que existe a percepción de que será privado (como está sendo habitual nos casos en que o actual goberno da Xunta de Galicia reordena os aparcamentos anexos aos centros hospitalarios, co paradigmático caso do Álvaro Cunqueiro no que tivo que intervir o Concello de Vigo para remedialo) ou se utilizará outro tipo de modelo, pensado na necesidade de utilización por parte da cidadanía.

Esta situación de indefinición e ambigüidade está a provocar moito malestar e preocupación entre sindicatos, asociacións do eido sanitario, así como entre á cidadanía, potencial usuaria deste centro.

Ao Grupo Socialista como xa ten manifestado en diversas ocasións parécenos inadmisíble e intolerable que este aparcadoiro poida ser de pago, xa que entendemos que é un servizo público vinculado estreitamente a unha asistencia sanitaria de calidade, e por isto reclamamos a gratuidade do mesmo para persoas usuarias, familiares e persoal do centro.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que, a día de hoxe, o Goberno galego non delimitou, o modelo de xestión do aparcadoiro do hospital Gran Montecelo?
2. Ten previsto o Goberno galego un modelo de xestión gratuíto do aparcadoiro do hospital Gran Montecelo?



3. Entende o Goberno galego o aparcadoiro dun centro de saúde, como é o Gran Montecelo, como un servizo vinculado ao dereito a unha atención sanitaria pública de calidade?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey

Luís Manuel Álvarez Martínez

Patricia Otero Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 11/11/2021 10:40:50

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/11/2021 10:40:58

Patricia Otero Rodríguez na data 11/11/2021 10:41:12

Julio Torrado Quintela na data 11/11/2021 10:41:28

Marina Ortega Otero na data 11/11/2021 10:41:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Manuel Lourenzo Sobral e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as medidas a tomar para restituír a Unidade de Prevención do Suicidio da Área Sanitaria Pontevedra-Salnés e aumentar os recursos para a atención á saúde mental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Área Sanitaria Pontevedra-Salnés é un claro exemplo da situación de abandono á que a Xunta de Galiza ten sometida a atención á saúde mental.

Unha área formada por 27 concellos e que ten que dar asistencia a máis de 300.000 persoas só conta, fóra da atención hospitalaria con 3 unidades de saúde mental de adultos e unha infanto-xuvenil, todas saturadas.

As tres unidades saúde mental de adultos, Vilagarcía, Léréz e Mollabao teñen unha carga asistencial moi elevada e escaseza de persoal crónica.

A unidade infanto- xuvenil situada na Parda está permanentemente saturada, con axendas desbordadas. As citas a maiores da axenda inicial danse continuamente, ademais de urxencias e chamadas telefónicas. As primeiras citas demoran 2/3 meses. As sucesivas como non computan para as estatísticas, porque a Xunta só publica as esperas para a primeira, son escandalosas: para psicólogos de 6/7 meses e de psiquiatría dun ano, ou pasan directamente ao buzón e xa chamarán.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai uns meses crearon unha Unidade de Atención ao Suicidio con 1 psiquiatra e 2 psicólogas, que prestaba atención 3 días á semana no Centro de Saúde da Parda e 2 no hospital do Salnés.

Acabamos de coñecer que só pasados uns meses xa a pechan, e que as persoas que estaban sendo atendidas son derivadas ás Unidades de Saúde Mental, que están máis que saturadas.

Ao mesmo tempo, tamén se nos traslada información de que diante da saturación das Unidades de Saúde Mental, moitas mulleres e nenas, que precisan do atención psicolóxica son derivadas aos Centros de Información da Muller, CIM, en procesos que nada teñen a ver cos temas que teñen por obxectivo tratar estes centros, o que consideramos inaceptábel.

Toda esta falta de atención tradúcese nun drama para as persoas doentes, para as familias e para os seus entornos. As que poden acoden á sanidade privada e as que non, sinxelamente quedan tiradas.

Desde o ámbito sanitario están a alertar do aumento do número de suicidios, sendo especialmente grave entre a xente nova. En Galiza quitáronse a vida 307 persoas no último ano, temos a de maior taxa de suicidios do Estado, 13% por 100 mil habitantes, fronte ao 7,79 %. Os servizos de psiquiatría son dos de máis lista de espera no Sergas, segundo a propia información deste, en xuño deste ano eran 7020 persoas as que agardaban por unha primeira consulta. As consultas de seguimento tardan meses

Con esta situación e estes datos é imprescindible tomar medidas, actuar sen máis demoras. A Xunta, o PP, ten que tomarse a serio o problema e na vez de anuncios ten que tomar medidas reais, porque detrás das estatísticas están persoas que sofren.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É inaceptábel que canta máis magnitude alcanzan os problemas de saúde mental, máis dificultades de acceso á atención teñan as persoas doentes.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

. Cal é a valoración da Xunta de Galiza da atención á saúde mental que están a recibir as galegas e galegos?

. Cal é a valoración da Xunta de Galiza da atención á saúde mental que está a recibir a poboación da Área Sanitaria Pontevedra-Salnés?

. Cal é a razón de ter suprimido a Unidade de Atención ao Suicidio que estaba funcionando na Área Sanitaria de Pontevedra-Salnés con asistencia no Centro de Saúde da Parda e Hospital do Salnés?

. Considera que as Unidades de Saúde Mental da Área Sanitaria tanto nas tres unidades de adultos (Vilagarcía, Mollabao, Lerez) como na infanto-xuvenil do centro de saúde da Parda teñen os recursos e persoal preciso para atender en condicións á súa poboación de referencia?

. Considera aceptábeis as demoras para a atención da unidade infanto- xuvenil situada na Parda , de 2/3 meses para as primeiras consultas sucesivas para psicólogos de 6/7 meses e de psiquiatría dun ano, ou pasan directamente ao buzón e xa chamarán?

. Están realizando derivacións aos CIM diante da saturación das Unidades de Saúde Mental, a mulleres e nenas, que precisan do atención psicolóxica en procesos que nada teñen a ver cos temas que teñen por obxectivo tratar estes centros?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2021

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Manuel Lourenzo Sobral

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/11/2021 13:42:15

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/11/2021 13:42:18

Xosé Luis Bará Torres na data 11/11/2021 13:42:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar para a reapertura dos consultorios pechados desde o inicio da pandemia pola Covid 19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras o inicio da pandemia orixinada pola COVID-19 a Xunta tomou a decisión de pechar centros de saúde, e de xeito especial os consultorios. O motivo alegado foi que nestes centros era difícil poñer en práctica as medidas de protección para evitar o contaxio polo virus tanto de profesionais como de doentes, en especial a imposibilidade de establecer circuitos diferenciados para persoas con patoloxías habituais e as respiratorias.

Esta medida foille aplicada á practica totalidade dos máis de 90 consultorios existentes en Galiza, de xeito que desde que se decretou o estado de alarma, en marzo de 2020, son miles as galegas e galegos que deixaron de recibir asistencia sanitaria nos mesmos.

O BNG súmase á preocupación da veciñanza ao ver como pasan os meses e o que se podía entender como unha medida de urxencia, todo indica que o Sergas quere convertela en definitiva, toda vez que non ofrece alternativas para a reapertura.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non caben máis escusas, 20 meses despois de iniciada a pandemia é tempo de abondo para ter posto en marcha os medios para que prestar a atención nos consultorios sexa segura, obras, máis limpeza, medidas organizativas...

O Partido Popular está aproveitando a pandemia ocasionada pola Covid 19 para seguir afastando a asistencia da poboación, recortar servizos, poñendo dificultades para acceder á asistencia sanitaria.

O permanencia do peche dos consultorios, ademais de non ter ningunha xustificación máis que o recorte sanitario, causarlle prexuízos económicos e de mobilidade á veciñanza e en moitos casos supón o esmorecemento da actividade económica e social que se desenvolvía nas zonas onde estaban asentados.

A Atención Primaria foi unha das áreas máis prexudicadas pola política de recortes orzamentarios dos últimos doce anos, e a actuación do Partido Popular vai na mesma liña, e para exemplo os orzamento da Xunta para 2022, onde as partidas destinadas a Atención Primaria vense reducidas aínda máis.

É fundamental dotar a Atención Primaria dos recursos orzamentarios, materiais e humanos suficientes para enfrontar, coa máxima calidade asistencial e garantías, a nova situación.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

. Vai reactivar o Sergas a atención sanitaria presencial nos consultorios de Galiza?

. Está traballando con algún cronograma para facelo? Se é así cal é?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cal é a razón para que unha medida de urxencia a estean convertendo en definitiva?

. Coida que xs veciñ@s que eran atendid@s nestes consultorios están a recibir na actualidade unha atención sanitaria de calidade?

. Considera que a atención telefónica e desprazamentos de quilómetros son alternativas?

. É consciente o Goberno galego de que o peche dos consultorios está causándolle á poboación ademais dos problemas sanitarios, prexuízos económicos e de mobilidade e en moitos casos supón o esmorecemento da actividade económica e social que se desenvolvía nas zonas onde estaban asentados.?

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/11/2021 16:19:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 11/11/2021 16:19:47

Iria Carreira Pazos na data 11/11/2021 16:19:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Carme González Iglesias e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza actúe para evitar a perda dos postos de traballo dos e das traballadoras de Vestas despois de finalizar sen acordo o período de consultas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A negociación do ERE de Vestas remataba sen ningún tipo de acordo o luns 8 de novembro, despois de que así o aprobaran por amplísima maioría (85 votos a favor e 13 en contra) as traballadoras e os traballadores da fábrica. A rotunda negativa da empresa a facilitar unha solución de futuro ampliando o período de consultas, sitúanos nun novo contexto que fai necesario que as administracións estatal e galega redobren os esforzos e traballen para atopar unha saída no curto prazo.

Esta nova segue a empeorar a situación dos propios traballadores e traballadoras de Vestas, mais tamén a dunha comarca como a da Mariña que segue a ver como o futuro da súa industria, como o da súa economía continúa empeorando. Por esta razón e por moitas outras, foi necesaria a convocatoria dunha folga xeral comarcal no día 17 de novembro.

Deste xeito e habendo un novo contexto de maior dificultade e urxencia, colle especial importancia que tanto a Xunta de Galiza, coma o Goberno Estatal traballen no marco da mesa industrial para atopar unha solución viable que garanta a continuidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de todos os postos de traballo e da actividade produtiva, sobre todo, ao vermos a vontade que Vestas demostrou de querer concluír o antes posible as negociacións do ERE. Así, esta mala fe patente deixou claro que a súa única intención é a de deslocalizar a produción e pechar sen dar ningún tipo de alternativas.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

. Cal é a nova folia de ruta da Xunta de Galiza unha vez rematou o período de negociación do ERE de Vestas?

. Conta a Xunta de Galiza con outras opcións industriais alternativas que garantan o mantemento dos 115 postos de traballo?

. Considera a Xunta de Galiza que é necesario levar a cabo un Plan de Industrialización e Emprego na comarca da Mariña?

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Ramón Fernández Alfonso

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 11/11/2021 17:33:24

Ramón Fernández Alfonzo na data 11/11/2021 17:33:29

María do Carme González Iglesias na data 11/11/2021 17:33:36

Daniel Pérez López na data 11/11/2021 17:33:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Olalla Rodil Fernández e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre o cambio de horario do programa labranza na TVG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O programa Labranza é un dos espazos senlleiros da Televisión de Galiza. Trátase dun programa con 27 anos de emisión e máis de 1.500 capítulos emitidos. Así, constitúese como o programa decano da información agraria a nivel estatal e un dos máis veteranos da TVG.

A súa labor divulgativa víase complementada até 2018 polo microespazo “O Agro” que durante anos tivo unha cadencia diaria de luns a venres para pasar a só dúas emisións semanais até a súa eliminación definitiva en setembro de 2018 para pasar a ser unha pequena sección dentro do programa A Revista.

Así hoxe o traballo informativo e de divulgación do mundo agrario fica reservado en exclusiva ao programa Labranza que emite reportaxes sobre os distintos sectores produtivos do agro galego, desde o leite até a viticultura, cun especial interese naquelas iniciativas que pretenden revitalizar o medio rural en Galiza.

Tradicionalmente a súa emisión tiña lugar os domingos por volta das 14:00 horas desde vai anos (con pequenas variantes que por etapas foron desde as 13:45 pasando polas 13:50h). Ese era o horario que as e os profesionais do sector tiñan destinado ao seu visionado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E foi así de xeito continuado até que en 2019 tivo lugar a primeira suspensión do programa durante a época estival, deixando á TVG sen esta información desde o día 23 de xuño até o 1 de setembro cando se retomaron as emisións.

Este proceso de eliminación de contidos, suspensión de espazos e paradas estivais continuou desde entón incluíndo unha parada entre o 15 de marzo de 2020 (domingo) e o 10 de maio do mesmo ano (domingo tamén) parada que foi debida ao confinamento pola pandemia da COVID.

Ese 10 de maio, data de regreso do Labranza ás pantallas da TVG, foi o tamén o último día que o programa se emitiu respectando o seu horario de domingo. A fin de semana seguinte o Labranza pasou a emitirse no sábado. Iso si, respectando o horario de emisión.

Agora, tras da nova parada estival de 2021, no regreso de setembro, atopamos un novo cambio e o programa Labranza mudou o seu horario de emisión pasando a emitirse ás 12:30 (ou 12:35 horas da mañá). Horario que, como resulta claro, resulta de difícil visualización para a xente do sector que nese momento se atopa, por regra xeral, inmersa de cheo na súa xornada laboral.

Dáse ademais a situación de que o último convenio asinado entre a Consellaría do Medio Rural e a propia Corporación da Radio e Televisión de Galiza, que está en vigor até o 31 de decembro desde mesmo ano sinala, entre as obrigas asumidas pola CRTVG, a que segue:

2. Emisión do programa Labranza, cunha duración de 30 minutos de duración, todos os domingos a partir das 14:00 h dende o 3 de xaneiro ao 26 de decembro de 2021. En total, 52 programas. O programa inclúe dúas reportaxes (de 12 minutos e medio de duración aproximadamente) nos que se trata de facer unha análise en profundidade de temas de actualidade do sector agropecuario, forestal e o medio rural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deste xeito a Corporación está a incumprir as súas obrigas tanto no número de espazos emitidos como no día e hora de emisión sen que medie explicación ao respecto.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- A que se deben os sucesivos recortes na programación agraria e forestal nos últimos anos na TVG?
- Cales son os motivos polos que se teñen producido todos estes cambios de día e agora de hora na emisión do programa especializado Labranza?
- Que valoración fan do incumprimento do convenio asinado entre a CRTVG e a Consellaría do Medio Rural?
- Estima que con estes cambios poden garantir a función de servizo público que desenvolve este programa?
- Van dar volta atrás neses cambios?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Olalla Rodil Fernández

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 05/11/2021 11:31:16

Alexandra Fernández Gómez na data 05/11/2021 11:31:20

María González Albert na data 05/11/2021 11:31:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Olalla Rodil Fernández e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a publicidade da campaña publicitaria dunha empresa privada no Telexornal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A CRTVG é unha corporación de medios públicos que inclúe tradicionais medios audiovisuais como a radio e a televisión que nos últimos anos se viron complementados con presenza noutras plataformas, redes sociais e outros espazos.

Segundo a Lei 9/2011 de 9 de novembro dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza e o seu Mandato Marco publicado no DOG do 29 de decembro de 2015 a función principal da Corporación da Radio e Televisión de Galiza é a de garantir a prestación dun servizo público.

Na xornada do xoves 4 de novembro de 2021 deuse unha circunstancia sorprendente se atendemos a esa labor de servizo público que debería rexer o traballo ca CRTVG. Así, no Telexornal Mediodía no que curiosamente non se empregou nin un só segundo dos 47 minutos que durou a informar sobre a actividade do principal grupo político da oposición deste país, si se atoparon até 41 segundos para informar (en cursiva) sobre a estrea dunha nova campaña publicitaria dunha empresa de distribución alimentaria que tería lugar esa mesma noite.

A sorpresa creceu no Telexornal Serán. Aí xa non se anunciou esa estrea. Aí directamente se incluíu un anuncio de 2 minutos e 50 segundos como a información de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

peche do espazo informativo. Así, tras a emisión dese spot publicitario emitiuse a cortiña de peche do Telexornal.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Canto pagou a empresa por que a súa publicidade se incluíse dentro dos espazos informativos da Televisión de Galiza?
- Forma esta campaña parte dalgún tipo de acordo maior co Grupo Tojeiro?
- Vai ser agora política habitual da CRTVG a inclusión de espazos publicitarios dándolles formato de noticia dentro dos seus espazos informativos?
- Cal foi o criterio para incluír ese anuncio e non outros dentro do Telexornal?
- Estima vostede atinado o comentario realizado polo condutor do Telexornal Mediodía ao sinalar que este anuncio recolle o “xeito de ser” dos galegos?
- Consideran que isto fai parte da súa labor de servizo público?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Olalla Rodil Fernández

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 05/11/2021 11:46:45

Alexandra Fernández Gómez na data 05/11/2021 11:46:50

Olalla Rodil Fernández na data 05/11/2021 11:46:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Olalla Rodil Fernández e María González Albert, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a eliminación da lingua galega da serie “Chegar a casa” producida para a TVG e a RTP.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A iniciativa lexislativa popular coñecida como Lei Paz Andrade, que deu lugar á Lei 1/2014 do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, establece un marco legal favorable para o estreitamento dos lazos entre Galiza e Portugal en todos os ámbitos. Apóstase nela por aproveitar e potenciar a proximidade cultural e lingüística entre ambos países. O percorrido desta iniciativa popular arrinca en 2012 co impulso dun debate social sobre a necesidade de promover esta relación, e logrou a aprobación definitiva no Parlamento de Galiza en 2014.

Neste contexto político, en 2013 a CRTVG asinou un convenio de colaboración entre a Televisión de Galicia (TVG) e a Radio Televisão de Portugal (RTP) co obxectivo de lograr desenvolver a produción conxunta de obras audiovisuais, programas e outras actividades. Sen dúbida, este foi un paso positivo na medida en que pode contribuír a visibilizar as relacións sociais, económicas e culturais entre Galiza e Portugal, invisibilizadas no sistema mediático, ao tempo que podería axudar a impulsar redes de colaboración estables no eido audiovisual con Portugal e cos espazos da lusofonía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No marco desta colaboración entre ambas canles, vén de coproducirse unha nova serie de ficción co título “Chegar a casa” para a TVG e a RTP. A serie, que foi estreada en Portugal o pasado 8 de setembro, conta con actores portugueses e galegos e foi rodada nos dous países, nas localizacións de Arcos de Valdevez e Santiago de Compostela. Esta podería ter sido, por tanto, unha oportunidade para visibilizar a realidade das relacións Galiza-Norte de Portugal e dos vínculos que nos unen. Porén o resultado final é o contrario: os e as personaxes galegas falan en castelán, incluso de forma forzada en contextos nos que resulta inverosímil, e mesmo se fomentan falsos estereotipos sobre as dificultades de intercomprensión entre un lado e o outro da raia. É dicir, non só non contribúe a reforzar e normalizar as relacións culturais e lingüísticas, senón que difunde unha realidade distorsionada que reforza estereotipos de fronteira afastados da realidade.

Resulta inadmisíbel e contrario á Lei 9/2011, de 9 de novembro, que regula os medios públicos galegos, que sendo un produto para a TVG, a lingua empregada sexa o castelán, toda vez que incumpre un dos principios inspiradores da CRTVG fundamentais, como é a promoción e difusión da cultura e a lingua galegas.

Para alén do incumprimento da propia Lei de Medios de comunicación audiovisual de Galiza, este feito é contrario ao espírito da xa citada e coñecida popularmente como Lei Paz Andrade, que na súa exposición de motivos expresa o deber das institucións de valorizar o galego como unha lingua con utilidade e proxección internacional e a necesidade de aproveitar os vínculos lingüísticos e a intercomprensibilidade do portugués e do galego. A lei subliña a proximidade lingüística como un aspecto nuclear na estratexia de colaboración entre Galiza e Portugal, que nos pode achegar proxección internacional e unha vantaxe competitiva no mundo da lusofonía, tamén no eido audiovisual. Porén, no caso que nos ocupa, sucede





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

todo o contrario, pois invisibilízase a proximidade lingüística e foméntase unha visión distorsionada das relacións entre galegos e portugueses.

Por todo isto, formulamos as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Por que esta coprodución feita para a RTP e a TVG oculta a lingua galega para os personaxes galegos?
- En que idiomas foi gravada a serie?
- Era coñecedora a dirección da TVG de que a serie se emitiría na RTP empregando o uso do castelán para os personaxes galegos?
- En caso afirmativo, tomou algunha medida ao respecto?
- Cre a CRTVG que esta coprodución dá cumprimento á Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía?
- Cre a CRTVG que esta coprodución dá cumprimento á Lei 9/2011, de 9 de novembro, que regula os medio públicos galegos?

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

María González Albert

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 09/11/2021 10:27:47

María González Albert na data 09/11/2021 10:27:55

Olalla Rodil Fernández na data 09/11/2021 10:28:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Alexandra Fernández Gómez e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a cobertura da XVII Asemblea Nacional do BNG feita pola Televisión de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na xornada do 7 de novembro celebrouse no Coliseum da Coruña a XVII Asemblea Nacional do Bloque Nacionalista Galego, a segunda forza política deste país atendendo á súa representatividade no Parlamento de Galiza. A Asemblea Nacional é o espazo no que o BNG define a súa liña política e de acción cara os seguintes anos e tamén é o encontro no que se renovan o Consello, a Executiva e a Portavocía Nacionais.

A cobertura que a Televisión de Galiza fixo dentro dos seus espazos puramente informativos, os Telexornais, dese proceso foi o que segue:

LUNS 1 DE NOVIEMBRE

Telexornal Mediodía.

Nin un segundo de cobertura informativa sobre o Bloque Nacionalista Galego.

Telexornal Serán.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nin un segundo de cobertura informativa sobre o Bloque Nacionalista Galego.

MARTES 2 DE NOVIEMBRE

Telexornal Mediodía.

Nin un segundo de cobertura informativa sobre o Bloque Nacionalista Galego.

Telexornal Serán.

Nin un segundo de cobertura informativa sobre o Bloque Nacionalista Galego.

MÉRCORES 3 DE NOVIEMBRE

Telexornal Mediodía.

Nin un segundo de cobertura informativa sobre o Bloque Nacionalista Galego.

Telexornal Serán.

Nin un segundo de cobertura informativa sobre o Bloque Nacionalista Galego.

XOVES 4 DE NOVIEMBRE

Telexornal Mediodía.

Nin un segundo de cobertura informativa sobre o Bloque Nacionalista Galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

VENRES 5 DE NOVIEMBRO

Telexornal Mediodía.

Minuto 31:25 “O Partido Popular advirte de que Pontón leva 25 anos como deputada no Parlamento de Galiza”. Corte de 47”. Sen imaxes nen declaracións do BNG. Corte dunha rolda de prensa do secretario xeral do PPdeG.

Telexornal Serán.

Minuto 21:56. “O PP pídelles ao BNG que se separe dos separatistas vascos e cataláns”. Corte de 44”. Novo corte da mesma rolda de prensa do secretario xeral do PpdeG. Ningunha información na que o BNG apareza como suxeito activo.

SÁBADO 6 DE NOVIEMBRO

Telexornal Mediodía Fin de Semana.

Nin un segundo de cobertura informativa sobre o Bloque Nacionalista Galego no día previo á celebración da Asemblea Nacional.

Telexornal Serán Fin de Semana.

Nin un segundo de cobertura informativa sobre o Bloque Nacionalista Galego no día previo á celebración da Asemblea Nacional.

DOMINGO 7 DE NOVIEMBRO

Telexornal Mediodía Fin de Semana.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Minuto 19:14. “Ana Pontón liderará a executiva que sairá da XVII Asemblea Nacional do BNG”. Corte de 48”. Información da sesión de mañá da Asemblea Nacional

Telexornal Serán Fin de Seman.

Minuto 6:12. “Co 99% dos votos, Ana Pontón saíu reelixida este serán como voceira nacional do BNG”. Corte de 2’44” con información da AN do BNG.

LUNS 8 DE NOVEMBRO

Telexornal Mediodía.

Minuto 32:13 “O BNG celebrou hoxe a primeira reunión da súa executiva logo da *Asamblea Xeral*”. Corte de 34”. Colas de imaxes da nova executiva nacional e declaracións de Ana Pontón dicindo que o BNG é unha forza nacionalista.

Minuto 32:47 “Desde as filas do PP ven a Asemblea do BNG como unha operación de imaxe que non cambia nada do ideario independentista”. Corte de 35”. Rolda de prensa do portavoz parlamentar do PPdeG.

Telexornal Serán

Minuto 25:51 “O BNG celebrou hoxe a primeira reunión da súa executiva logo da *Asamblea Xeral*”. Corte de 43”. Colas de imaxes da nova executiva nacional e declaracións de Ana Pontón dicindo que o BNG é unha forza nacionalista.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Minuto 32:47 “O PP subliña que non se observan cambios substanciais no ideario do BNG”. Corte de 33”. Rolda de prensa do portavoz parlamentar do PPdeG.

Neses mesmos telexornais, nos días mencionados e en días previos, si que se deu conta con profusión do proceso de renovación de órganos locais do Partido Popular de Galiza, probabelmente unha cuestión moito máis importante para a súa inclusión na escaleta do Telexornal da TVG.

O tratamento da Asemblea Nacional do BNG, a primeira forza política da oposición deste país, incumpre todos os criterios xornalísticos mínimos que deben rexer un medio público. Considerando que en moitos dos días previos á AN nin sequera se deu información de ningún tipo da formación frontista, e que noutros se *informou* en subxuntivo a través dos ollos do Partido Popular.

Sinalar, máis unha vez, que entre os principios rectores marcados pola Lei de Medios para a CRTVG están o de ser “reflexo do pluralismo ideolóxico, cultural e social de Galiza” e o de garantir “a obxectividade, imparcialidade, veracidade e neutralidade informativa”.

Por todo isto, formulamos as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

. Quen elabora a escaleta dos distintos telexornais mencionados: Mediodía, Serán, Mediodía Fin de Semana e Serán Fin de Semana.

. Considera que as entradiñas introdutorias aos distintos cortes arriba referidos eran informativas ou valorativas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera que o Partido Popular ten unha mellor capacidade que o propio BNG para comunicar ás galegas e galegos cales son os principios ideolóxicos do Bloque Nacionalista Galego?

. Cal foi o motivo polo que en distintas ocasións só se informou da Asamblea Nacional do BNG a través da visión do PP?

. Que valoración fai como director xeral da cobertura que se fixo desde os Telexornais da TVG do proceso assemblear do BNG?

. Cumpriron con esa cobertura cos principios rectores da CRTVG?

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Olalla Rodil Fernández

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 09/11/2021 16:22:19

Olalla Rodil Fernández na data 09/11/2021 16:22:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 09/11/2021 16:22:38





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

